

3. MEMORIA XUSTIFICATIVA DE ORDENACIÓN

3.1. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS E CRITERIOS DE ORDENACIÓN

A análise e diagnóstico realizado nos capítulos anteriores permiten formular os obxectivos e criterios de ordenación que sustentan a proposta do Plan Xeral. Ditos obxectivos e criterios, son os seguintes:

- . O feble crecemento urbano debe servir á consolidación dos asentamentos de poboación.

Tras a análise da situación demográfica, de profunda crise e a minguia do parque edificado, realizada na Información Urbanística, o obxecto planificadorio ten que ser o de consolidar os feitos urbanos máis sobresaíntes, e non só aqueles que presentan singularidades desde o punto de vista do patrimonio histórico-artístico, senón tamén aqueles outros que caracterizan ao actual sistema de asentamentos parroquiais.

- . A valoración e potenciación do patrimonio cultural como base do Concello configúrase como un obxectivo.

A existencia dun conxunto histórico-artístico de excepcional valor como é a Cidade de Mondoñedo supón unha vantaxe cualitativa en relación a outros concellos do seu contorno xeográfico, e como tal feito diferencial un elemento de marca a consolidar en relación ás actividades turísticas e de servizos, inéditas na actualidade. O enorme potencial deste recurso é un feito aínda por explotar na súa dimensión económica. Esta potenciación do patrimonio cultural, acada unha compoñente comarcal cando falamos da traza do Camiño Norte a Santiago. Ribadeo, Lourenzá e Mondoñedo son tres nodos dunha mesma liña que deben actuar coordinadamente de cara a un desenvolvemento turístico-cultural complementario.

- . A protección do medio ambiente natural e dos recursos paisaxísticos.

Tal e como se analizou, patrimonio histórico-artístico e medio ambiente natural forman unha simbiose no concello de Mondoñedo, e a súa preservación constitúe un obxectivo do Plan más aló da existencia de dous espazos naturais incorporados á Rede Natura 2000. O respecto polas masas de caducifolias, o sistema hídrico e o monte constitúen elementos de ordenación nun territorio fortemente xerarquizado e diverso, e que necesariamente debe ser inventariado e catalogado.

- . O recoñecemento do actual sistema de asentamentos de núcleos rurais.

Segundo se indicaba no preámbulo da Lei 11/1985 de Adaptación da do Solo a Galicia, pártese do convencemento de que as mellores localizacións xeográficas para os asentamentos humanos están xa utilizadas; o Plan Xeral debe partir do mantemento do actual sistema de asentamentos, utilizando os recursos legais que abre a Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia para a delimitación dos seus ámbitos, ámbitos que o deben ser para a inversión e a mellora dos servizos, dentro das súas peculiares características morfolóxicas e da tipoloxía edificatoria, cunha aposta clara pola rehabilitación do seu parque edificado.

- . A ampliación da base económica municipal.

O proceso de transmutación da antiga base primaria non acadou o seu fin, toda vez que aínda representa ao 42% da poboación ocupada. Neste campo deben: implementarse as actividades ligadas aos servizos, especialmente turísticos e vincellados cun certo nivel de representatividade comarca; manterse e consolidarse as actividades industriais; e potenciarse unha actividade primaria que, nunha realidade territorial concentrada de fondo, debe buscar na explotación forestal compatible co medio, na gandería e na horticultura do val uns viesiros de desenvolvemento.

- . Acadar unha correcta articulación do sistema viario municipal.

O papel que desempeña Mondoñedo na relación entre Galicia e Asturias, e na relación do interior da provincia lucense coa súa costa norte, debe verse reforzando tanto coa execución da Autovía Transcantábrica coma coa articulación do actual sistema viario. Cómpre propiciar elementos de relación entre as dúas trazas da Rede de Interese Xeral do Estado, a N-640 e a N-634, e iso mediante a mellora das conexión con Riotorto, e a súa prolongación eficiente cara a Viveiro a través da estrada LU-160. O novo escenario infraestrutural configura a Cidade de Mondoñedo como un relevante nodo de comunicación e distribución no norte da provincia de Lugo.

- . O redimensionamento do nivel de dotacións urbanísticas.

En función dunha singular pirámide poboacional que pon en primeiro plano os servizos sanitarios e sociais e os espazos libres e de relación, debe redimensionarse o actual nivel de dotacións urbanísticas, propiciando a versatilidade e polifuncionalidade das instalacións.

Xunto a estes obxectivos específicos de planeamento, o Plan Xeral tamén ten en conta aqueles que, de carácter xenérico, establecen as Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia para a orientación dos plans con incidencia urbanística e territorial nos Nodos de Equilibrio do Territorio. Estes obxectivos son os seguintes:

- . Mellora das infraestruturas de comunicación, aumentando a accesibilidade dos nodos para o equilibrio do territorio, facilitando os desprazamentos entre eles e a súa conexión cos elementos superiores do sistema de asentamentos.
- . Mellora dos equipamentos e dotacións, aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.
- . Potenciación das súas infraestruturas de telecomunicación como factor esencial para a xeración de novas actividades e de redución das desvantaxes derivadas dunha posición relativamente afastada dos principais centros urbanos.
- . Accións de mellora urbana que incidan na imaxe dos núcleos, a oferta residencial de calidade, a valorización dos atractivos naturais e patrimoniais e na preparación de espazos de actividade adaptados ás necesidades de cada ámbito para lograr así un aproveitamento máximo das oportunidades de desenvolvemento existentes.
- . Deseño de iniciativas territoriais orientadas a potenciar modelos de desenvolvemento endóxeno que permitan a diversificación e ampliación da base produtiva, introducindo novas actividades que xeren empregos de calidade, especialmente aqueles vencellados aos recursos do territorio. Neste senso cómpre destacar a necesidade de favorecer a concentración e axeitado dimensionamento das industrias da madeira, potenciando desde as Administracións públicas unha maior competitividade e equilibrio que induza ao desenvolvemento da cadea da madeira no seu conxunto, fomentando a cooperación interempresarial e a dispoñibilidade de infraestruturas comúns.
- . Potenciación das sinerxías con espazos más dinámicos e a valorización das iniciativas e oportunidades locais para superar estrangulamentos inducidos polo illamento e pola falta de capacidade para acceder á información e aos mercados de bens, servizos e capitais exteriores.

3.2. ESTRUTURA XERAL DA ORDENACIÓN E MODELO DE DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO

Formulados os obxectivos xerais de ordenación urbanística municipal, descríbense a continuación o modelo territorial proposto para a ordenación e desenvolvemento urbanístico de Mondoñedo, que apóiese nos seguintes niveis estruturantes:

- A cidade de Mondoñedo como feito urbano mais singular de rango non só municipal senón comarcal, e xerarquizado como no de reequilibrio territorial polas Directrices de Ordenación do Territorio. Para o seu desenvolvemento establécense propostas de ordenación baseadas no recoñecemento da súa estrutura e o seu completamento, apostando pola revalorización das súas tramas históricas, sen alterar a súa imaxe.
- O sistema de núcleos rurais tradicionais de base rural e con apoio e inserción no territorio produtivo, onde o obxectivo do Plan Xeral é garantir a pervivencia da súa singular morfoloxía e tipo edificatorio, dotados de valores patrimoniais, favorecendo as políticas de rehabilitación e de mellora do espazo público. A aplicación da Lei 9/2002 da Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, garante neste senso un nivel mínimo de determinacións da ordenación.
- Os espazos naturais declarados e aqueloutros de carácter fluvial, forestal e de monte, que representan elementos de valor produtivo e paisaxístico e que rebasan en moitos casos o ámbito municipal.
- A estrutura do territorio que, á parte da súa calidade ambiental, está condicionada tanto pola presenza dos montes como pola organización lineal arredor dos vales das zonas produtivas.
- A rede viaria principal, mellorada coa execución da Autovía Transcantábrica, que mellora significativamente as relacións con Asturias e co resto do territorio autonómico.
- O Parque Empresarial de Mondoñedo en boas condicións de accesibilidade, en relación aos eixes de transporte por estrada.
- Por último o eixe histórico-cultural do Camiño Norte a Santiago de Compostela, con expediente de delimitación aprobado (2014) conforme á Lei 3/96 de Protección dos Camiños de Santiago.

A expresión urbanística destes compoñentes estruturais combina o recoñecemento da realidade existente, onde os elementos de contenido rural presentan unha dinamicidade menor, dependente da posta en valor dos recursos, coa vontade planificatoria de potenciar o feito urbano principal da Cidade de Mondoñedo, para convertelo no nodo urbano de servizo e dotacións do seu territorio e no nodo para o reequilibrio do territorio, en concordancia coas determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

3.3. CRITERIOS DE ORDENACIÓN URBANÍSTICA DO TERRITORIO

O novo réxime do planeamento urbanístico establecido pola Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, e a súa modificación a través das Leis 15/2004 de 29 de decembro e 2/2010, de 25 de marzo, en relación ao solo rústico (principalmente nos seus artigos 31 a 44 e 59) determina un amplo concepto de protección territorial mediante os procesos de delimitación, identificación de valores a conservar, protexer ou mellorar, e establecemento de medidas e normas tendentes a estes fins. O réxime urbanístico do solo rústico configúrase fundamentalmente vinculado a outorgar unha especial protección aos valores naturais, paisaxísticos, culturais, agrogandeiros, forestais, ambientais, científicos, suxeitos a limitacións ou servidumes de protección do dominio público ou doutra índole que deban estar sujetos a algúns réximes especiais de protección incompatible coa súa transformación. Entre os obxectivos da nova Lei 9/2002 figura a adscrición a aqueles establecidos no documento Europa 2000 sobre cooperación para a ordenación do territorio europeo, entre os que destaca o de crear un territorio máis solidario e equitativo para acadar unha cohesión económica e social. Con esta finalidade puxéronse en marcha diversas accións entre as que se atopa a preservación da riqueza do medio rural, tomando medidas nos espazos periurbanos que controlen a dispersión incontrolada do hábitat, a preservación e valoración dos recursos naturais en zonas rurais pouco poboadas, a diversificación das actividades económicas no medio rural e unha revitalización dos núcleos rurais, do seu patrimonio e do turismo sostible.

Así, a regulación do solo rústico na nova lexislación urbanística galega, á par que a do solo dos núcleos rurais, pretende protexer polo seu valor intrínseco no esquema territorial este rico e variado espazo dos procesos de desenvolvemento urbanístico, limitando, ordenando, protexendo e reconducindo os procesos de transformación aos que se confronta.

Así a utilización do solo rústico non poderá efectuarse en contradición coas súas tendencias orixinarias de forma que se respecten e protexan os seus valores naturais e culturais moi presentes no territorio municipal e, en consecuencia, concentrar os usos económicos e residenciais alí onde tradicionalmente se instalaron, nos núcleos de poboación.

No caso de Mondoñedo, e na sistemática da ordenación urbanística proposta, resulta coherente a utilización do solo rústico nun réxime urbanístico que confirme os seus valores medioambientais, produtivos e paisaxísticos, amén dos estritamente culturais, históricos e etnográficos.

Desta maneira, o recoñecemento e diferenciación dos usos tradicionais de monte e de val, constitúe un elemento propositivo para a ordenación do territorio municipal, apoiado na existencia dunha actuación de concentración parcelaria.

A presenza no territorio municipal do sistema de espazos naturais vinculados á Serra Xistral-Toxiza e Val do Masma, vinculados á Rede Natura 2000, así como o espazo configurado polo sistema Val do Valiñadares- Cova do Rei Cintolo e a proliferación de restos arqueolóxicos, levan ao Plan a apostar por unha preservación dos elementos mais significativos e territorialmente sensibles.

Nun espazo destas características, a catalogación e identificación dos ámbitos de interese constitúe unha garantía de preservación, ademais de polo risco da invasión de usos non tolerados, polo que supón de significación e apoio ao proxecto urbanístico que se desenvolve.

A identificación dos espazos paisaxísticos continuos e libres de edificación e o recoñecemento dos de especiais valores ecolóxicos e produtivos, determinan a súa delimitación e preservación constituíndo deste xeito un complemento do patrimonio cultural do territorio.